



Un cole que nunca para.

A Voz do Alborada

N.º 3



A NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA CONTOU MOITOS CONTOS, ESCOITOU MOITAS IDEAS E XUNTOS ESCOITAMOS HISTORIAS E VIVIMOS EXPERIENCIAS.





EDUCACIÓN INFANTIL

A nosa horta máis viva que nunca.

5ºEI-A

Un curso máis, a horta do Alborada segue dando os seus froitos.

Coa inestimable axuda de Laura, aprendimos moitísimas cousas para prantar e aboar a terra da maneira máis sostible e ecolóxica posibel. Dende o cultivo de allos, leitugas e amorodos, pasando pola aprendizaxe da función das miñocas para elaborar a compostaxe.


Todos e todas axudamos a sementar, regar, colleitar e seguimos fortalecendo os vínculos do noso centro coa natureza que nos rodea




A ARTE DE MARTIN CODAX DENDE A NOSA MIRADA

Unha obra de arte dos artistas do noso colexio

Os nenos e nenas de 4º e de 6ºA de Infantil colaboraron na realización do mural adicado ó trobador Martín Códax con motivo da conmemoración do Día das Artes Galegas celebrado o día 1 de abril do 2023.





NA AULA DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL B INICIÁMONOS COMO FUTUR@S ESCRITORES/AS

Durante o terceiro trimestre deste curso escolar, a partir de palabras que xurdían cada día dos nosos nomes, fomos quen de imaxinar, escribir e crear o noso primeiro relato curto. Esperamos que vos guste e que non sexa o último!

UN SOÑO INOLVIDABLE

“Hai moi tempo, en España ocorreu un verán escuro e estrano. Caían copos de neve do tamaño de grandes albóndegas, as letras desapareceron e os animais gruñían sen parar.

Eu estaba no meu cole, o seu nome é Alborada, estudando os animais da selva cando de súpeto, á par que desaparecían as letras, do libro saíu un elefante salvaxe. Este era o único animal que non gruñía como facían os demais. Ao vernos escapou cara o patio cuberto e eu fun correndo detrás del coas miñas zapatillas novas de Nike, pero non fun quen de alcanzalo.

A profe de lingua inglesa intentou tranquilizalo e utilizou como cebo algúns dos foitos da nosa horta. O elefante achegouse e gustosamente foi probando cebolas, coles, cenorias, amorodos, leitugas...

A medida que o elefante comía, o resto de animais deixaban de gruñir e as letras ían recuperando o seu espazo.

De súpeto, escoitei un ruído intenso, era a hora de baixar ao recreo e o timbre sonou. A miña profe Belén tocoume o ombreiro e díxome.

-Quedache durmido?

Así deime conta de que todo fora un sono, e baixei a desfrutar do recreo”




ATOPA A MENSAXE SECRETA

≤ @ □ † Ⓚ † ☉ † † † Ⓜ Ⓜ Ⓜ Ⓜ Ⓜ

Código

ABCDEF GHI JKLM ÑNOPQRSTU VWXYZ
↓ ≤ † Ⓜ † ☉ † † † Ⓜ Ⓜ Ⓜ Ⓜ Ⓜ


0 1 2 3 4 5 6 7 8 9
○ · | ^ + × ÷ = ≠ ∇




A AULA DE 6º EI-A CONTA NA AULA DE EXPERIENCIAS



4º de EI CONTAN AS SÚAS EXPERIENCIAS



PALABRAS DE VERÁN



HORIZONTAIS

- 3.- Substancia branda e consistente para o coidado da pel.
- 5.- Peza de roupa que se utiliza para bañarse.
- 6.- Extensión de area ou pedra miúda, polo xeral plana, á beira do mar ou dun río.
- 7.- Peza de tea cadrada ou rectangular que se emprega para enxugar o corpo ou unha parte del.

VERTICAIS

- 1.- Manterse na auga e avanzar a través dela.
- 2.- Calzado lixeiro composto dunha sola suxeita con fitas ou tiras de coiro.
- 4.- Instrumento similar a un paraugas, que se utiliza para protexerse do sol.



ALUMNADO DE 1º CICLO

RUTAS ANIMADAS DO CONCELLO

1ª VISITOU O MUSEO MILITAR E PASEOU POLOS ARREDORES



OS NENOS/AS DE 1ºB FIXERON UN ANACO DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Os nens/as de 1º B foron de excursión a Santiago. Fixeron un pequeno tramo do camiño dende o Monte do gozo ata a catedral. En total uns 5km.

Despois de varias semanas investigando e facendo cousas na clase sobre o Camiño de Santiago chegou o noso día tan esperado.....o 29 de marzo, dirixímonos a Santiago para facer unha pequena etapa.

Tiñamos as nosas dúbidas e estabamos nerviosos por se non podíamos camiñar ou se nos perdíamos, pero unha vez que chegamos ao Monte do Gozo e comezamos a camiñar; todos os medos desapareceron e puidemos gozar xuntos dun gran día de convivencia.





O ENTROIDO NO COLE

O pasado febreiro celebramos no colexio o Entroido. Os alumnos/as de segundo fomos disfrazados da Mosca Chosca, xa que estivemos traballando ese conto na clase. Foi un día xenial porque fixemos unha camiñata fóra do colexio e viñeron a ver como desfilábamos as nosas familias.

Despois do desfile, fixemos unha merendola na clase cos doces típicos do entroido: orellas, rosquillas, filloas.... Que ben o pasamos sempre nos días de festa!!!!



DIA DA ÁRBORE



CIENCIA

Sabías que... Marie Curie, foi unha científica polaca pioneira no campo da radioactividade, foi a primeira muller en recibir dous Premios Nobel, un en Física e outro en Química?

HISTORIA

Sabías que... Ana Frank estivo recluída coa súa familia durante 2 anos, escondéndose dos Alemáns?

SOSTENIBILIDADE

Coidando a nosa horta, os nenos e nenas de 1º B descubrimos que podes darlle unha segunda oportunidade as cáscaras de ovo, sabes como? Despois de ferverlas, se as colocas en anaquiños arredor da planta, estas evitarán que sexan combatidas polos caracois e babosas ao mesmo tempo que lle aportará minerais e favorecerá o seu crecemento.



ALUMNADO DE 2º CICLO.

Xubilación dunha mestra .

XUBILACIÓN DUNHA GRANDE MESTRA

O pasado mes de xaneiro despedimos a María, unha profe de Educación Infantil, unha gran profesional pero, sobre todo, persoa.

Por se alguén non a coñece ben, ímosvos contar unhas cousiñas dela que só sabemos os alumnos e alumnas que tivemos a sorte de pasar polas súas mans, e que fomos moitísimos. Imos alá ...



Despedíndonos de María, na súa clase.

- Sabiades que a todas as nenas nos chamaba “Maripuris”? Dicíanos: Que pasa Maripuri ? Que queres Maripuri ?
Todas, todas, eramos Maripuris. No caso dos nenos, chamábaos “caballeros”.
- Enfadábase con ela mesma, dicía: “Ai maría! Que estás facendo esto mal !”
- Con ela facíamos moitas manualidades.
- Cando era o noso cumpleaños sempre nos facía coroas de goma eva con purpurina.
- Cando chegaba a clase poñíase a súa bata de profe e facíase un moño.
- Unha das cousas que máis nos gustaba dela era a súa forma de contar os contos.
- Encantábanos cando nos collía no colo, sobre todo cando chorabamos.
- Axudábanos a facer todos os disfraces do entroido.
- Facíamos os números con plastilina e dicíanos: “Los números están bailando el chachachá”.
- Pero ollo! Tamén nos facía traballar moito.

Como vedes temos moitos e bos recordos dela.

Gracias por todo, María. Querémoste moito ! (3B)




NENOS E NENAS DE 3º B CÓNTAN PORQUE DEBES COIDAR AS ÁRBORES

DECALOGO DUNHA ARBORE

1. Evito secas e inundacións.
2. Limpoo a aire.
3. Desperdooo osíxeno.
4. Sirvo de alimento.
5. Amontezoo ruidos.
6. Son gozoso de moitos animais.
7. Dou sombra.
8. Capturoo dióxido de carbono.
9. Regreso a aire.
10. Protexo a solo.





AS HISTORIAS DE 4º B EP

Can Virallo
Mariella 4ºB Primavera

Un día o can cagoulle na cara ao seu dono e botoulle da casa enfadadísimo imaxinándose que se botouno podese crealo!

«este sou eu»
«ja, ja...»
«be's x'co»

«gua, gua... significo»
«anda e andoa»

ata que atopou un becho moi moi raro

«ua, ua...»

ao final foron amigos discutían pouco. E o can virallo cagoulle pero a per daba

«Madre mía lo cristo»

Fin

Dario Santos Escariva 4ºB

Un día

Xoan, que fas?

A danza da choiva

Sequia total

A danza da choiva?

Si

E queee... vin polas noticias que péis choiva hai roros que non van a colócio

E quería probar

Como?

Xaxa jaja

E que mañá teño exame de matemáticas

FIN...



Κοι, Κοι Κε Απο Το Πρεζο


Sú Per Chistes

Os chistes máis divertidos que che alegrarán o día.




Unas nenas están na horta do colexio mirando un caracol enriba dunha leituca e unha lle pregunta a outra:

- Saber por que os chinos comen caracóis?
- Non, por que? - pregunta a amiga.
- Por que non lles gusta a comida rápida



Qué animal gaña sempre as carreiras? O Piello, por que sempre vai encabeza



Un neno ve ao seu amigo coa moto e lle di:

- Cambiaches de moto? Antes era branca e agora é vermella.
- E o amigo lle contesta:
- Non, ea mesma, é que quéntase moito




Un cine case vaineiro dous nenos, sentanse na última fila, e a suana l preguntaalles:

- Por que vós sentades na última fila?
- E dous nenos contestan:
- Porque quen máis o último é mellor.




No comedor do cole un neno lle di ao seu amigo:

- Sabes que lle dia cullex a xelatina?
- Non, contestao outro.
- Non tremas, cobarde!



- Por que os elefantes non poden usar o ordenador? - Por que lle teñen medo do rato.



4º A CONTA A HISTORIA DA "FORMIGA ICIA"

Unha formiga que por non traballar despois non tiña que comer

A FORMIGA ICIA

Era unha formiga que non quera traballar marchou do formigueiro, encontrouse coa araña e o verme de seda, o verme e a araña pelearonse por ver quen tiña a tea máis fermosa, e preguntaronlle a Icia, Icia contestoulles que as dúas eran fermosas, o verme e a araña dixeronlle a Icia que primeiro tiñan que traballar e despois agor.

Icia enfadouse e marchou. Polo camiño atopou a unha abella co seu carrizo de mel. A abella pedulle a Icia que lle cedera o carrizo e que non tocara nada. Cando a formiga quedou soa desordenou e taceo todo o que tiña a abella no carro. Comeu toda a mel. Cando chegou a abella e viu como estaba todo, berroulle a Icia e persiguiuna para picala. De supeto apareceu unha xeaniña que preparou un picnic. Icia preguntulle si podía quedar a vivir con ela contestalle que si. Xogaron. A xeaniña tiño que marchar e lle dixo a Icia que non tomara nada. A formiguiña non fixo caso, estragouno todo. Cando a xeaniña volveu díxalle que marchara. A formiga triste marchou e volveu ao formigueiro donde todas as formigas lle estaban buscando. Todos xuntos quedaron no formigueiro, máis contentos.

4ºA





VISITA AO PROGRAMA DA TVG “PIM PAM EXPERIMENTA”



CLUB DE CIENCIAS CHÍO: EXPERIMENTOS NAS AULAS





5ªA – O MELLOR e o peor de quinto curso!

Ola compañeir@s. O alumnado de quinto A quixemos facer un resumo do mellor e do "non tan mellor" deste curso que xa remata...



O MELLOR...

Adri: " O mellor foi a experiencia de contarlles e interpretarlles o conto á xente da asociación AFACO"

Noa: " Amin o que máis me gustan son as festas que facemos, a do último sábado foi Superchula"

Camila: "Este curso foi moi especial polas persoas que coñecin. Esas que cheáronme de alegría, amor, consellos, risas e compañía"

Alicia: " O mellor son os compañeiros que son graciosos, amistosos, amables e algúns falcatruáns"

Laura: "Gustoume moito pintar o cole todos xuntos, quedou moi chulo"

Ibrahim: " A min do que máis me gustou foron as charlas e as risas da primeira hora, Partímonos de risa coas historias que contamos"

Xavi: "O que máis me gustou foi ir en vela. Foi moi divertido e emocionante estar nun velero no mar"

Diego: " Para min o mellor son as excursións e as actividades especiais. Temos profes moi divertidos e graciosos

Izan: "Matemáticas é a miña clase favorita, encántanme os números e os problemas aínda que dividis sexa un pouco aburrido as veces"

Triana: "O mellor foi facer novas amigas, pouco a pouco colles confianza e según pasa o tempo falas con compañeiros cos que non falaches nunca"

O NON tan mellor...

Zoe: "As mates, non me gustan as mates nin sacar malas notas nelas, pero este trimestre esforceime moito máis..."

Antía: "Non me gustaron as broncas dos profes, tampouco non me gusta cando os compañeiros teñen problemas e discuten"

Manu: " Non me gusta nada que cando queremos pintar na clase de plástica os botes de pintura estén baleiros, eso estrésame"

Candela: " Odio cando nos quedamos sen facer algunha actividade pola miña culpa ou dalgún compañeiro"

Yael: "Os exames, temos que estudar moito e... A quen lle poden gustar os exames?"

Alana: "As excursións están ben pero cando toca ir a algún museo non me gusta tanto"

Nicolás: " Non me gustaron os días de corda en Educación Física, nin o xogo de todos pillan. Tampouco estudar e traballar tanto..."


Greta: " O peor para min foron os exames e as excursións que non fixemos"

Naty: " Nunca direi que me gusta debuxar formiñas intentando atopar a simetría, non podo con isto"



AS BOLSAS DE 5º

Como temos os Polos Creativos, temos unha máquina de coser e estamos aprendendo a utilizala. O primeiro que fixemos foi un mantel e un mandilón para os nenos e nenas de infantil. Tivemos que aprender a enfiar, a cortar e medir a tea... moitas cousas novas. Como saíu tan ben propuxémonos facer unha bolsa de tea cada un. Empezamos mirando como era unha bolsa de tea real, medímola e despois fixemos o bosquexo do patrón da bolsa nun papel. Logo fixemos outro patrón con periódico pero coas medidas de verdade.



Despois trouxemos a tea, fixemos un cadrado do que media o periódico. Cortamos a tea e fixemos unhas tiras para as asas. Logo cosemos a parte principal da bolsa (o cadrado de tea) e finalmente cosemos as tiras. Cando fixemos todo coa máquina de coser fixemos a bolsa enteira. So faltaba unilas con as tiras. Dimos a volta as tiras e as cosemos a bolsa. Con todo feito le dimos a volta a la bolsa e xa a tiñamos.



Dani Garcia
Xoel Hernandez
Mateo castiñeira
Elsa Trincado



O ALUMNADO DE 5º C VISITA AS INSTALACIÓNS DO IDEAL GALLEGO

El Ideal Gallego

JUEVES 16 | 2 | 2023 A CORUÑA Año CVI | N° 39.030 | 1,20 EUROS | www.elidealgallego.com



El grupo posa en la sede de El Ideal Gallego y dxt campeón, en el Palacio de la Ópera, al inicio de la visita | PATRICIA G. FRAGA

Los alumnos de 5º C del colegio Alborada visitan la redacción de El Ideal Gallego

▶ Los escolares conocieron de primera mano cómo es la labor diaria de los periodistas y su lugar de trabajo

▶ Participaron en un taller de prensa en el que completaron el proceso de elaboración de una noticia

O noso alumnado foi parte da plantilla dun xornal durante un día, escribindo, redactando e montando un xornal na editorial de El Ideal Gallego.

Seguro que aquí hai unha fornada de futuros e intrépidos xornalistas!!



6º A CÓNTAVOS SAÍDAS ESCOLARES DESTE CURSO




ORQUESTA DEL ÁGORA

Fomos a un concerto onde nos contaron unha historia sobre a música a través da música, foi moi emocionante, os músicos parecían profesionais á hora de tocar.

Ana Frank

- Na plaza de Lugo convidáronnos a ver unha película sobre como foi a vida de Ana e contáronnos un pouco que pasou nesa época á verdade e que esa saída encantoume.
- Sabias que o pai de Ana foi o único membro da familia que sobreviviu á guerra.



MEISEL93

- En María Pita teñen unha exposición de fotos de Steven Meisel 1993' que foi un fotógrafo que estaba dedicado a facer fotos a xente improvisada e tamén famosos.



ATLÁNTICO PARTE DE TI

Non contaron nada,
pero pasámolo moi ben e
tratáronos xenial



Fixemos windsurf, vela...





VISITA AO RÍO MERO

Nesta visita vimos o río é tamén o encoiro de Cecebre. Alí explicáronnos o proceso de como se converte a auga do río en potable para que a poidamos consumir nos fogares. Pareceume curioso que este proceso só tarde unha hora, pero o que máis me gustou foi ver dúas bolboretas bailando.



DESCUBRINDO A CORUÑA

-REPORTAXE DE INVESTIGACIÓN DO ALUMNADO DE 6º C

Que dis dunha granxa en Monelos?

A zona que abrangue A Milagrosa e Monelos foi unha enorme granxa de 16 hectáreas. Estivo funcionando 76 anos, dende 1888 ata 1964 e converteu A Coruña na capital moderna da agricultura galega.

Foi unha granxa agrícola experimental.

Ata ese momento a agricultura galega tiña prácticas rudimentarias, faltaba a incorporación da ciencia e da tecnoloxía.

Neste proxecto participaron o naturalista Víctor López e o fundador da Voz de Galicia, Juan Fernández Latorre.

Por que na cidade?

Porque os medios de transporte apenas existían. Tiña que ser preto da cidade.

Sabes como era a Granxa?

As casas estaban organizadas arredor da Igrexa de Santa María. Destacaban a casa do director e as áreas de investigación. Na beira estaban os campos de labranza, os establos e as vivendas dos obreiros.

A rubia galega foi o logro máis importante da granxa, cruzouse a vaca galega coa raza suíza. Eliminouse todo coa construción da 2ª fase de Elviña.

Sabías que camiñamos baixo o río Monelos?

Tamén é coñecido ao longo do seu curso como rego de Beneirón, rego de Camos e o río Mesoiro. O río nace e desemboca no concello da Coruña e atópase enterrado durante a maior parte do seu percorrido, canaliza baixo o chan das rúas da cidade.

Onde nace?

O río nace na parroquia de San Vicenso de Elviña, no lugar de Castiñeiras. Dende alí vai cara Feáns



e recibe o nome de rego de Beneirón. Despois continúa ata Mesoiro, chamándose nese traxecto paralelo ao plígono de Pocomaco, sufrindo dúas canalizacións parciais durante este treito.

Onde desemboca? Desemboca no porto da Coruña.

Durante o curso subterráneo o río pasa polos barrios de Martinete, Someso, O Birloque, o Polígono de Elviña, Monelos, A Cubela e a Gaitreira. Nesta última parte recibe o nome de río Monelos.

Imaxinas? Nadar polo río, pasear en barca, en canoa...

Para saber máis...

MonRiver é un proxecto de investigación para definir as posibles metodoloxías de restauración do río Monelos e a posta en valor do seu curso natural nun entorno urbano.

Encontro ENKI por 6ºB

O Xoves 20 de Abril os cursos de sexto de Educación Primaria do CEIP Alborada da Coruña fomos ao Campus de Elviña a disfrutar dun día de diversión e aprendizaxe xunto con

outros centros e grazas ao proxecto ENKI.

Fixemos moitas actividades deportivas, entre elas tenis, baloncesto, esgrima e moitos xogos máis.

Todos os xogos que realizamos estaban pensados para persoas con algún tipo de discapacidade (persoas cegas, con problemas de movemento, etc.).

Rematamos o día merendando e camiñamos de volta ata o noso colexio. Sen dúbida, unha experiencia a lembrar que nos fixo comprender mellor o que é o deporte adaptado.


En total había dez actividades diferentes e cada colexio estaba nunha.

Fomos rotando todo o tempo, cada vez

que soaba a alarma tínhamos que cambiarnos.

Os monitores explicaban cada deporte coas súas regras, os usos das diferentes máquinas e axudábanos se era necesario.





LETRAS GALEGAS 2023




Este 17 de Maio celébranse as letras galegas e este ano adícanse a Francisco Fernández del Riego, coñecido entre moitas outras facetas por ser un dos fundadores de Galaxia.

Que é Galaxia? Pois unha das editoriais máis importantes do país e na nosa lingua.


Para celebrar este día fixemos caricaturas, lemos textos de Fernández del Riego e incluso recibimos a visita dos compañeiros do IES de Elviña.

Nós tamén devolvemos a visita e lemos na súa biblioteca algúns textos deste autor.

Ademáis fixemos un exercicio de reflexión pensando nas nosas palabras favoritas en lingua galega entre elas están: BICO, como non.



Francisco Fernández del Riego



CORRELINGUA

Pasámolo moi ben, incluso había ata un concerto!

Fixemos unha caminata dende a escola ata a Torre de Hércules e levamos uns panos laranxas na cabeza

Fala galego, e recorda, na casa na escola ✨
bota a lingua fora!

Vanessa Santiago visita o noso Club de Lectura

A escritora coruñesa nada en Fontán (Sada) visitou aos noso lectores.



O pasado 29 de marzo a autora premiada co Illa Nova visitounos na nosa biblioteca de primaria.

Neste caso non foi para falar do seu libro premiado *A vida sinxela de Marcelo Firmamento* senón da novela xuvenil *As probas do mago*.

No noso encontro falamos non só dos protagonistas da novela senón que tamén afondamos en cuestións técnicas da arte de escribir, a escolla de personaxes e a súa creación.


Con ela repasamos temáticas, hábitos de escritor e inspiración.

A escritora falounos da importancia de crear rutinas á hora de escribir e con ela tamén repasamos lecturas recomendadas e as súas obras favoritas.

Outro tema que tratamos foi a cuestión das ilustracións da obra, aspecto que foi de gran interese entre os nosos lectores.

Por suposto asinou exemplares do seu libro e tivemos unha merendiña para festexar que a lectura pode ser algo moi doce.

Agardamos que en breve publique algún outro libro dentro da liña da LIX e que volva pronto a nos visitar.




Outras boas novas no noso centro.

Un ano máis seguimos coas rutas saudables pola cidade. Tamén retomamos as lecturas interniveis e fixemos actividades de voluntariado.

A nosa biblioteca segue a cambiar e este curso conta con Radio. Radio Sito. Creamos tamén un club de lectura para familias.


As nosas mestras Montse e Iria, xunto co seu alumnado, foron premiadas no programa Cinema na Escola polos cortos “Aínda é luns” e “A nota”
Fixemos chapas, pintamos murais, asistimos a unha chea de contadas, visitas culturais e un longo etc.
Aquí resumimos en fotos todo o que pasou este ano.





Curso 2022-2023. Nº3

#ticontasnóscontamosvóscontades



Equipos de
Dinamización
da Língua Galega



CEIP ALBORADA
Promoción 22/23

SENTÍMONOS MOI ORGULLOSAS DESTA PROMOCIÓN QUE REPRESENTA. OS VALORES QUE DEFINEN AO NOSO CENTRO:

RESPECTO Á NATUREZA

RESPECTO AOS NOSOS IGUAIS

RESPECTO A NÓS MESMOS

RESPECTO ÁS EMOCIÓNS, SENTIMENTOS

CEIP PLURILINGÜE ALBORADA